


1000

Núm. 57

15.9.28

nós

CASTELLAS



BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Ademinstrador

ANXEL CASAL

DIRECIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.^o—A CRUÑA

ABONAMENTO

NOTA

Doce números, na Península	6'00 pesetas.
Foro da Península	8'00
Número solto	0'70

Este boletín non publicará máis orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

S U M A R I O

As cantigas do berce, POR † AMADO CARBALLO.

Un ensaio encol do tempo d'hoxe, POR RAMÓN OTERO PEDRAYO.

Catálogo dos Castros Galegos, da Seizón de Prehistoria do S. E. G.

Arquivo Filolóxico i-Etnográfico de Galiza.

Os homes, os feitos, as verbas, POL-A REDAUCIÓN.

Reloxería ZENITH

MÁQUINAS PARLANTES. DISCOS
AGULLAS e ACCESORIOS

M. CALVIÑO - Ourense

Vicente Risco

Abogado

Santo Domingo, 47-2.^o

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano X ★ Ourense 15 Septembro 1928 ★ Núm. 57

AS CANTIGAS DO BERCE

Un carrizo namorado
afogouse nun luceiro;
chora o monte y-a campía,
de loito vistius'o vento

Como un paxariño horfo
nas mans morreusem'o dia,
arrechegueino ao meu peito
por ver si lle daba a vida.

Vaite choiva e vente sol
qu'imimos a xogar a leira
co moneco bonitiño
que meu pai trouxo da feira.

Aquil berce está valeiro
y-a naiciña anda a chorar,
o meniño está no ceo
coas estrelas a brincar.

A campía escurecida
chora tremendo co frío,
a probiña quedou horfa
qu'o dia afogou no río.

† AMADO CARBALLO

De «O Galo» que ven d'aparecer editado por NOS.

UN ENSAIO ENCOL DO TEMPO D'HOXE

Si voltara ó mundo un home, un *clerc*, do tempo de San Bernaldo coidaría que un fato de demos andaban soltos mais de fixo, despois d'unha miga de cavilación, non'os temeria demasiado. Corpos nus nas praias e nos montes, corpos coidados coma froles ús, outros coma fermosos animás de luxo. Unha Ética, unha Estética, pra razoar o trunfo do corpo. O *clerc* teólogo teria lle mais medo ós pecados do espírito. Non sabe que hoxe o espírito non peca porque perdeu a sensibilidá pr'as tentacíos. Si a pantasma rexurdida fora a d'un romántico a sua door quizais fora mór que a do asceta. (Todolos *clercs* teñen unha mistura de ascetismo), sin dúbida porque o romántico fiase mais do elemento aparente. Hai un século teimábase deixar decorrer baixo a lúz do día e da lúa, baixo a lúz da lámpara, a mór cantidá posibre da alma. Os homes de pensamento figuraban Prometeus comeostos pol-a águia do corpo; levaban esquirta na frente, no ollar, na maneira de camiñar, a contradicción fundamental do home. Trazando cás mans no ar ises circos qu'hoxe nos parecen decramatorios, facian decorrer unha cantidá de espírito que os envolvía n'unha atmósfera raiolante. De feito cada un procuraba ir pol-o mundo envolto n-un manto d'alma, e como istes mantos se queiman deseguida, sacaban outros e outros hasta semellar o seu vivir unha tráxica danza de veos que remataba por matar o corpo despreciado. Hai moitas formas de rendir e vencer ó corpo: o ascetismo e o seu contrario, a paixón desenrolada. A Edade Mística e a Romántica puxeron a porfia a quen millor esquecia o corpo. As grandes penitencias e as grandes esmorgas—S. Bernaldo e Byron—levaban por camiños diferentes un mesmo fin respecto do corpo, inda que pensaran futuridás opostas. Somentes fixamos os dous momentos ditos pra millor resaltar o tema do noso tempo de hoxe. Pois cando a hestoria chegue á suxetar e superar

á técnica dos seus materiais, será doado traçar as verdadeiras épocas da hestoria verdadeira. E teremos tempos de paralelismo no senso euclidiano, tempos de erguementos alternativos do espírito ou do corpo. Hoxe cruzamos un dos derradeiros, endexamais tan xustificado e sentido coma a verdadeira arte do vivir. N'iste ó igoal que en todolos probremas do mesmo xeito hai que considerar o diferente ritmo das crases sociás. As mais outas impoñen á cada tempo unha fisonomía diferencial namentral-as baixas—paisanos, artesanos—prolongan un mesmo tema, o mesmo substratum por baixo do xogo variabre e sucesivo das d'enriba. Hoxe, no centro do trunfo do corpo sportivo, ou sinxelamente ben mantido e folgado, os paisanos seguen desprezando o corpo. Cobren a nudeza como unha vergoña, téñeno como un instrumento necesario que non é merecente de educación nin de aprecio mór do que demandan os bois de traballo. A forza e a saude do corpo son pra iles cousas naturás, intintivas, sin as que non se pode vivir mais coma non'as pensan non lles conceden categoría superior. Pol-o corpo forte sintense escravos. Si foran febles e finos serían señores. Todo o aprecio ponse nas colleitas e no bó goberno da casa que son froitos espirituás en certa maneira, do traballo escravo do corpo. Apenas se pode maximizar un labrego sportivo; nin xiquer paseian pol-o gosto fisiolóxico de andar. En conxunto ven a ser a idea cristiá, a dos séculos XII e XIII por ex. Entón as moitedumes vestidas de fatelos tecidos na casa axionllábanse ó pé dos altares. Tempo de loita esgrevia de home contra home, de cida contra cibdá, loita da aldea c'o bosque, c'a noite, c'o medo. Mais por riba de todo impera unha grande idea que se fai sentimento vital de todos. Ela guía as artes, os costumes, o vivir todo. O corpo, cousa noxenta, vergoñosa, que se non lava nin mima, é sentido d'un xeito igoal por Se-

flores e por servos. Saben coma ten qu'apoderar pra que fique ceibe outra cousa ceibe pra gozar de Deus ou pra sofrer no Inferno. O castigo da penitencia morde as carnes reás e as carnes prebeias. As revoltas do corpo, os banquetes de epopeya, a sensualidá dos asaltos, o luxo das donas polo mesmo que teñen de violento sinalan que van contra unha lei. Hastra as donas pintan, douran e procuran cobrir o corpo hastra desfaguerelle todo aspeuto de nudeza. Os pecadores buscan na artificiosidá minuciosa do tocado e do adorno, un esquecemento do pecado de non atender, diantes de nada, á i-alma. Nun senso o corpo e a i-alma distinguense en ser o primeiro algo fixo, demarcado que se sabe hastra onde chega, namentras a fluideza da i-alma non deixa detremiñala. Está nacendo á cada istante, enche o mundo sin se ver coma non sexa nas suas obras e de fixo enche o tempo tamén. Ista elemental diferenza foi pensada por todolos pobos, nunha escala, infinda, de maneiras. Nos séculos que se acostuma a chamar Edade Meia as aristocracias coidaban non do corpo, sinón do sangue é decir nun elemento espiritual na realidá pois ela garda e trasmite a i-alma da familia, unha entidá superior diante da que non é ren o individuo fuxitivo. Ista idea foi o cerne das aristocracias. Procurábase unha euxencias de carácter, non de corpo. Nos spors d'entón o fito era amostrar valor, prudencia, costancia; virtus. E tamén cortesía, outra virtú. A cortesía ven a ser un respeito un homenaxe pr'a almas, por iso cando se exerce nos probes, nos enfermos, nos gafos faise caridá que se dirixe ó consolo, non á curación; á i-alma, non ó corpo ou si vai a iste é perparando a millor eisaltación do espírito pr'a cando chegue a hora desexada da morte. Figura que o descubrimento do corpo debía ir de par a o descubrimento da natureza, e non foi así. Pr'a home de espírito místico hai pecado na natureza, mais non ten comparanza co pecado do corpo. D'este soilo s'aprecian as partes mais achegadas e mais carregadas de espírito: as mans e os pés dos Santos Sangüentos de estigmas, os ollos que deixan ver nos ceos e na terra a grandeza de Deus, o corazón centro das virtus, sempre perigoso, mais c'a axuda divina

trunfo da i-alma. A comida santificase c'unha oración coma pedindo dispensa por o pracer que deixa e igoal todalas funcións corporais. Soilo o corpo espirtoalizado, o menos corpo posibre é dino dunha relativa estimanza. Falamos dinantes de tempos de paralelismo antr'os dous factores e ven deseñada a lembranza da Grecia e do Renacemento. Mais estas cousas están de tal maneira envoltas en literatura, tiveron tan pouquiña realidá na xénesis dos sentimientos modernos, d'hoxe, que será millor non falar d'elas. Agora a xente figura non vivir sinon polo corpo. Endexamais se viu tan trunfador e rufo. É o froito luente, zumoso, brillante, sinxelo e nú dunha longa civilización. Figura lonxe da idea do pecado. O pecado pode chegar polo espírito. Queremos decir o pecado social. D'outro non os astrevemos a falar inda que sospeitemos que se materializa cada vez mais. A inversión é compreta, radical, inda con relación a un tempo non lonxano: ó 1830, e 1870—por exemplo. Tampouco teimamos siñalar si se trata de alborada ou de solpor, de nacencia ou de morte. Mais pedimos licenza de esculcar nunha das raíces do cámbeo. E xurde unha palabra eiquí coma en todolos probremas sociás; burguesía. Figura estrano. A burguesía semellaba o mais lonxe da força do corpo e do ar libre. As donas burguesas tapáronse moi to. Imos con tempo. Os nados no derradeiro terzo do XIX levamos unha idea de burguesía incompreta inda que sexa verdadeira. Procurar un pouco de lúos nos complexos sociás ten un só camiño; procurar unha determinante xeneral. En iste caso a determinante non pode ser mais crara: burguesía, ciudanía, xente da vila, da cidade, a primeira xente que principiou a vivir pr'o corpo mais que pr'a i-alma. Parece estrano que o culto do corpo dera principio no medio onde o corpo fai menos falla. No castelo e no agro o corpo loitador ou traballador está sempre en xogo. No mostrador precisase mais abelencia que forza. O comercio desenvolve factores en certo senso espirituais, inda que sexan de baixa, de epidermática espiritualidá. Mailo comercio crea unha fartura que non ten apricación pr'a i-alma. ¿Que ll'importa o diñeiro ó espírito? O corpo man-

tense, come, con traballo, o traballo do corpo queda santificado. O diñeiro érguese porriba das necesidás primeiras do corpo. O labrego da campía debullía unha cunca de castañas con leite. Abóndale. O mercader florentino xunta cartos e cartos; mercados co-eles os alimentos e os traxes, inda lle sabrán. Qué fará co-eles? Non se poden rillar florís nin sirven pr'a mantenza da alma. Hai que aplicalos á outra cousa: ó corpo, mais n'unha escala insospeitada, facendo o corpo centro d'un orgaismo de luxo. Pois primeiro foi a comodidá da casa e despois o trunfo do corpo. Hai outra solución; gardalos cartos, crear untesouro. Mais nin é xeneral nin nos sirve pr'a nosa tesis. O avarento está ben clasificado na ética. O seu pecado é terribre. Si fora do corpo sería mais doadamente perdoado. Mais é pecado do espírito pois teima encher o espírito c'unha cousa noxenta, a úneca que Noso Señor non tocou endexamais cando baixou entre nós. Por iso a avaricia foi sobretodo nos tempos en que s'ollaba e palpaba o diñeiro un pecado de xente intelixente e de vellos; a esprenzia ensinaballe a forza do diñeiro e eles figurábanse ter no diñeiro encobado n'unha páede unha especie de garantía, un poder *in potencia* que por unha elegancia espiritoal do dono non se facia *in actu* xa que todo acto significa unha perda e o avaro vive n'un mundo seu, en algún senso, ideal. O que acuña la terras e castelos, o conqueridor, non é un avaro. Sempre pensa en levar unha lei, un goberno mais ou menos escuramente sentido. O diñeiro nas vilas fixose deseguida criador de comodidás, de egoísmos refinados. Foi o primeiro dereito que alcanzaron os burgueses: unha casa inviolable, unha estensión do corpo inda servo, mais pronto á se redimir. Boa diferenza c'a casa da aldea aberta ós pelingrinos e ós probes coma a casa do pai de Mistral e onde os señores comian na mesma mesa dos criados. Naméntral-as colleitas foron o signo da riqueza non era posibre a formación da burguesía. Por moito tempo e con moitas variaciós asegún as terras, a xente tivo tamén vergonza do seu diñeiro. Hai que ter en conta coma nas burguesías xurdíu o sentimento liberal das ideas, e de que xeito a educación antiga

(humanidás, matemáticas) impuña unha elegancia na sua ordeación de valores. Isa elegancia foi desaparecendo aixiña. Inda fai quince anos figuraba pouco fino tratar de diñeiro nas conversas dos cabaleiros e a mór porción d'eles eran de cepa burguesa ou campesia. Tamén compre notar iste feito. Hoxe cada día se aparta mais a cidade do agro, e con tal afastamento medrou a potenza do diñeiro. O amolecemento xeneral da sistemática antiga, o positivismo, a mór riqueza, o sentirse o home soilo responsábel diante si, sin ter pra se sufincar o nervo de unha idealidá superior, todas estas (e outras causas, moitas, entrambilicadas, qu'inda se non enxerguen ben) foron erguendo o valor do individuo garantido polas costitucións, foise considerando o mundo millor, mais quente, mais amobre. Fuxían as grandes epidemias, multipricábanse os praceres, o esforzo empezou a ser recompensado niste mundo. Entón sentiuase a importancia do corpo. Pra disfrutar de tantos bens había que gardalo forte pra un longo vivir. Foi un antropocentrismo mais forte que o antigo, que consideraba no home un espello de Deus. O proceso é longo, variábel, matizado. Serían precisos moitos exemplos pra ilustralo. O certo é que a xente xa non se coidou de ter o corpo escravizado. O fateo romántico somentes deixá celles as partes fidalgas: a cabeza, as mans, e tende á domear o corpo que non tradús afora as suas formas sinón formas impostas por unha idea. D'eiqui a elegancia *musical* do tempo, e de feito a música foi a millor expresión romántica. O espírito deitaba pol-o mundo en mil fontes franqueadas. Craro que non hai que misturar a rapaza que bebe vinagre e se derrete no balcón ó luar ca paixón superior dos verdadeiros románticos. É contodo n-isa rapaza cursi hai o signo do tempo, propenso ó espírito, o mesmo que a dona morta tiseca pol-o corsé. O corsé foi maldizoado polos médicos qu'era cuáseque todos positivistas: o corsé procura unha tradución no corpo da idea d'alma lanzal, esguia, chama ardente ou crebado raio de luar nos lixos do vivir. Hoxe o mesmo tipo social de rapaza anda c'o corpo solto, e fártase de xamón, cerveza, chourizo de Pamplona e per-

cebadas. Hastra na aldea se nota iste troque; fai doce anos unha muller coidábase avergoñada de beber un vaso de viño, fora dos xantares; facíalles mal e sobre todo, non parecía ben, había que ter conta de si. Hoxe debúllano n'un dicir Xesús. Nas vilas hai instantes nos que se dubida si os Sacramentos da Eirexa deitáron un pouco de gracia sobre as greas de burgueses e burguesas—o burgués impón o seu tipo na carballeira humán das vilas onde tamén medran moitas outras fróres que se non precisan ó primeiro ollar.— Traballan con fis utilitarios os médicos, os inxenieiros, os negociantes, os esquirtores. Todos levan fartura material que asulaga os ollos en lixos noxentos. Enchen as eirexas e os locales das conferencias cun ser confiado que dá medo. As inquietus paran na primeira curtiza sensitiva da i-alma. O burgués, dono do mundo, da cátedra e do laboratorio é cauto como un vello, comerciante pra non deixarse mermar unha faragulla de goce. Toda fidalguía figura desterrada da Sociedá. Avergónzase d'un traxe vello, d'un parente probe, d'unha casa deixada. É certo que xa se baña á cotío, e hastra ten os seus libros e as suas comedias ben purgadas de todo elemento que lle faga albiscar o terror—e a ledicia—metafísica. O mesmo desprezo pol-a políteca, soilo quer dicir unha nova baixa de valor espiritoal. Hastra onde chega a áncia do corpo, hastra ali se delimitan as aitividades do espírito servo. Os vicios xa non teñen un carauter de rebeldía; contra qué lei social? Cifranse os fillos fortes, nús, con to-dal-as regras hixiénicas pra que ó chegaren á mocedá non teñan mais arela que vivir ben e ganar diñeiro. Manda no mundo unha confianza compreta. Coñecense todolos camiños. Pra qué esculcar outras cousas? Toda a paisaxe vai sendo o parque do burgués de corpo farto. Hai tamén e vaise criando a aristocracia sportiva. Xiquer figura afastarse un pouco car'un ideal de forma e de ener-

xia. Xiquer no sport o trunfo do corpo é craro, sin hipocresías e garda un senso de xogo liberador en apariencia. Pois o mozo sportivo d'hoxe é o capitalista de mañán e a i-alma vive erma, triste e escrava no corpo barregudo do tendeiro e do indiano gomitado pol-a resaca atlántica igoal que no corpo fino, do sportivo. A natureza—mar, aire, distancia—vólvese un *Stadium* pr'os xogos do corpo sportivo froi da burguesia e xordo a toda outra chamada. Os cadros nos Museos, os edificios artísticos nos camiños, dispónense pra proporcionar unha hora de descanso—sempré hai preto un restaurante, un tennis, un lugar consagrado—os corpos trunfantes, Hastra s'orgaízan pra facer casas de caridá e apartar das rúas o espeitáculo dos doentes e dos probes. A antiga simpatía—caridade—da i-alma pol-a i-alma, trocouse no sentimento de vergonza ó ollar un corpo doente ou famento. Vergonza de qué? Sería doada a demostración. Dende logo ningunha que poida obrigar á un sacrificio. Falamos ouxetivamente, sinalando feitos que todos poden sentir. Ademais o burgués trunfante coidase eterno e poida que o sexa. Vai adequirindo estrutura de roca, de algo dono e definitivo. Endexamais soñou con tanta gloria. Coma a cultura—un esquirtor agudo, pois hai moitos burgueses agudos e intelixentes, dicía fai dous días: «cultura, flor de fisiología»—é necesario pr'a extensión dos negocios permítense o luxo, como de auga corrente, d'estar ó corrente das ideas. Ben. Hastra lle gosta moito o «Porco de Pé» coidando atopar n'il o retrato do veciño. Pois o burgués ben esculcado segue disfrutando das envexas do tendeiro de aceite e vinagre e ó inxenieiro ou ó medico especialista tamén lle gosta botar un cuarto a espadas con tal de non se sacrificar mais do que lle pide o señor corpo trunfante e hai que decilo, podrecente.

RAMÓN OTERO PEDRAYO

Ven de aparecer editado por "NÓS" o libro-homenaxe

O G A L O

obra póstuma de Amado Carballo.

CATÁLOGO DOS CASTROS GALEGOS

PUBLICADO POL-A SEIZON DE PREHISTORIA
DO «SEMINARIO D'ESTUDOS GALEGOS» DE SANT-YAGO

Número XIII

O FURRIOLLO

EMPRAZAMENTO.—No cume do monte do Furriolo, un dos que fan a divisoria entre os vales da Arnoia e do Limia. Pertence á provincia de Ourense, concello da Bola e freguesia de Santa Baia, e na marxe izquierda da estrada de Ponte das Poldras á Pontevedra.

DEFENSAS.—Consta de un recinto prin-



cipal e de un pequeno antecastro situado na banda do sul e cujo ancho máximo é de 21 metros. O recinto principal óllase cinguido por un terrapré de 2 metros de outo, con

fortes vestixios de estar revestido por unha muradella de cachote. Pol-o norleste e pol-o leste dexérganse con craridade restos de un parapeto e pol-o norte un lixeiro afundimento do terreo denunza a esistencia de un antigo foso. O antecastro moi ben aplainado, determiníase en todo o seu desenrollo por un terrapré de 5 metros de outo.

MENSURAS.—Mede o recinto principal:

Do norte ó sul	83 metros.
Do leste ó oeste	125 metros.

O ancho máisimo do antecastro dixemos xa que é de 21 metros.

OBSERVAZÓNS.—Non ollamos por ningures alicerces de casas nin téglulas nin cerámicas.

FOLKLORE.—Soio poidemos acadar que o castro é «cousa de mouros».

BIBLIOGRAFÍA.—Inédito.

(Catalogado por Fermín Bouza Brey, Señén Rodríguez e Florentino L. Cuevillas.)

Número XIV

OUTEIRO DE RUBIÓS


EMPRAZAMENTO.—Na provincia de Ourense, concello de Celanova, freguesía de San Lourenzo de Cañón i-en terreos raianos cos do concello de Verea.

Chámanlle co-aquil nome á un fato de tres outeiros, situados n-unha meseta, outa, estesa i espida de arboreda que remata o monte que levando as denominazóns de *Monte da Neve*, *Monte Puxares*, etc., érguese ó sul e por riba mesmo da vila de Celanova, indo despois a xuntarse cos devalos das serras do Vieiro, das Motas e de Penagache.

OBSERVAZÓNS.—O sinxelo esame do terreo non amostra siñas de obras de fortificación, soio espaxidos pol-o chán óllanse cachotes que indican ter pertencido á vellas edificazóns.

N-unha quebrada estreita, que se desina co nome «da dos Santos», afroran os alicerces de unha antiga capela adicada á Ascensión, que foi derrubada ainda non hai un século, aproveitándose os seus materiaes pra erguer unha nova ermida, que baixo a mesma advocación, esiste oxe o pé de un dos lugares da parroquia. Á veira da capela derrubada, celebrábase en tempos unha romaxe ben soada en moitas légoas á redonda.

En toda a área do Outeiro de Rubiós, non se ollan tellas antigas nin modernas, así



PLANTA DO CASTRO DE BERREDO


mesmo os eidos que o cinguen son case que todos comunás, parecendo indicar istos datos que a despoboazón de aquiles lugares debeu verificarse hai muito tempo.

Mais o que millor falou a prol da antigüidade das ruínas de Rubiós, foi o seu folklore que ten carácteres por completo castrexos.

FOLKLORE.—Informan Antón Peaguda, de San Lourenzo de Cañón e un seu veciño cujo nome non acadamos.

«No Outeiro de Rubiós houbo unha grande cidade chamada San Salvador ou Cachiquimbra, nome que ainda leva unha parte do monte.

Ista cidade foi atacada polos romanos ou



PLANTA DO CASTRO DE MOURILLÓS

polos franceses que estaban no castro do Furriolo. Emprincipiou o ataque c-un grande *fuego*, sostido dende o propio Furriolo apesar da distancia de duas légoas que os afasta, pois é sabido que os antigos tiñan millores armas e de maior alcance que as nosas. Fóreronse despois acercando os nemigos a Cachiquimbra, puxéronlle sitio e remataron por destruilla, morrendo dos da vila 11.000 *mártires*, e dos atacantes mortos tamén.»

* * *

«Cando os sitiadores estaban xa o pé da vila, uns soldados foron pousar unha migia á beira de unha poza, que ainda existe, e

sentáronse n-unha, que coidaron trabe, que estaba deitada no chán. Pouco tempo durara a pausa, cando sentiron rebulir a trabe, e viron con espanto que era unha serpe grandísma que despois de beber na poza quedara adormida. Disparáronlle os seus fusiles, mais tiña tan duro o coiro que as balas non lle entraban; i-entón foi cando un dos soldados mandou que colleran un anaco de carne e que o prenderan no cabo de unha corda. Feito isto, déronlle a carne á serpe i-en canto lle entrou nas gorgas ataron a corda á un penedo, e a serpe morreu no instante mesmo.*

*De entón é que chaman á poza *A Poza da Serpe.**

BIBLIOGRAFÍA. — Hübne (CIL., 2.519) ó falar da estatua de guerreiro galego que tiña a inscripción, ADRONO. VEROTI. F., dí tirándoo de Castella Ferrer (Hist. de Santiago, f. 159, v.) que ista estatua fora atopada no Castro de Rubiás non lonxe de Aranxo e do Mosteiro de Celanova.

Céan Bermúdez (Sumario de las antigüedades romanas que hay en España, páxina 218) di:

«Castro de Rubiás o Rubión, castillo antiguo en la provincia de Orense, distante una legua al norte de la iglesia de Santa Comba. Se encontró en él una estatua de piedra, de hombre, vestido con un sayo largo y con los brazos y piernas desnudos. Tenía en las manos un escudo redondo con estas letras en derredor: ADRONO. VERO TI. F.»

Hai que convir en que a identificación entre o lugar citado por Castellá e Céan e o Outeiro de Rubiós non é doada. Os dous lugares que levan o nome de Aranxo, pertencen ó concello de Lovios e distan de Celanova mais de 30 kilómetros. Por outra parte a distancia entre o Outeiro que nos ocupa e a eirexa de Santa Comba é superior a 15 kilómetros, mais tendo en conta que Rubiós queda entre Celanova e Aranxo e ó norte de Santa Comba e que por outra parte, non hai en toda a bisbarra ningún nome que se imite mais á Rubiás ou Rubión, coidamos que foi no xacemento catalogado onde apareceu a eficie de Adrono fillo de Veroto.


(Catalogado por F. L. Cuevillas.)

O CASTROMAO

EMPRAZAMENTO. — Na provincia de Ourense, concello de Celanova, freguesía de Castromao, e ó ponente e por riba mesmo do lugar de iste nome, do coal queda desviado uns cen metros.

Atópase costruído no cume de unha montaña longa i-estreita que dende Celanova vai rubindo cara os termos de Acevedo e Vilameá.

DEFENSAS. — A natureza penedenta da montaña impidiu, sen dúbida, aplinar de xeito uniforme o cume do castro, cínguindo-



se os seus costrutores á achairar unha especie de anel, de ancho variabel entre 12 e 15 metros, ó redor da penedia central, partindo do borde exterior de iste anel un terrapré case vertical, outo de 18 ó 20 metros, revestido por un muro, feito de cachote seco, ancho de 2 metros, que afrora ainda pol-o norte e pol-o oeste, amostrando que outrora deu erguerse en parapeto.

MENSURAS.—O Castromao é de forma case circular e mede:

Do norte ó sul 150 metros.
Do leste ó oeste 130 metros.

OBSERVAZÓNS.—Temos practicado niste castro a apertura de duas zanxas esporatorias; a primeira ó longo do terrapré onde puxemos ó descoberto o muro a que denantes nos referimos, e a segunda cortando de través un dos lados do anel aplainado, no que afondamos mais de un metro, aseillando os obxectos que van reproducidos na figura 1,

Trátase como se ve de catro anacos cerá-

icos, pertencentes, tres ó borde e un ó fondo de outras tantas vasixas feitas de terra marela abrançazada, torrada con moi escasa uniformidade e abondosamente incrustadas de grauictos de seixo. O grandor de semeillantes vasixas debía ser considerabel, podéndose calcular que o fondo de unha de elas (fig. 1, núm. 4) tería de diámetro trece centímetros.

O outro obxeto (fig. 1, n.º 5) é un machadillo de ferro, moi comestido pol-o óxido, e cunha fura central de 2 centímetros de diámetro. Dexérgase ben ainda sobor de todo n-un dos cabos o fio do gume, aparecendo n-outro menos acusado.

Respeito da natureza e destíño de iste instrumento, coidámos que pode pórse en comparanza cos machados guindadeiros coñecidos na panoplia céltiga co nome de *cateias*. En efecto, a pequenez e cativo peso de iste




FIG. 1

micos, pertencentes, tres ó borde e un ó fondo de outras tantas vasixas feitas de terra marela abrançazada, torrada con moi escasa uniformidade e abondosamente incrustadas de grauictos de seixo. O grandor de semeillantes vasixas debía ser considerabel, podéndose calcular que o fondo de unha de elas (fig. 1, núm. 4) tería de diámetro trece centímetros.

Iste mesmo tipo de cerámica témola alcontrado na citania de San Cibrán das Lás e foi designado como «grandes vasixas de paredes grosas, boca ancha e borde pouco revirado». A identidade entre os eisemprares da dita citania e os do Castromao, estabrécese non

machado parez escrutar toda ideia relativa ó seu emprego pra uso corrente de ista crás de utiles e por outra parte a sua utilizazón coma martelo queda descartada pol-a presenza dos gumes, que son-por demais estreitos e atiados pra servir de ferramenta á un canteiro.

Parécenos pol-o tanto o mais seguro, que o machadillo do Castromao fora empregado coma arma pra guindar. Temos diante os ollos reproduções de *cateias* atopadas en Ornavasso i en Sant-Michael (Carniola), que pol-o seu grandor aseméllanse moito á atopada por nós, anque a sua forma de un soio gume mui desenvolto fagan que se imiten

mais á outro machado atopado no castro de Troña (Mondariz) (Vex. L. Pericot e I. Parga Pondal, «La Temporada», Mondariz, 29 Xullo 1928.)

No recinto cercado do Castromao non alcontramos ningùns vestixios de habitações permanentes que se tñen atopado, en troques ben bastos, nas ortas que arrodean o lugar de Castromao, en forma de muros




FIG. 2

de casas, téguas e moedas de diferentes emperadores romanos e ainda hai pouco tempo ó costruirse un camiño vecinal que vai de Celanova á Acevedo pasando por baixo mesmo da croa do castro, asoellaronse grande número de téguas que tivemos ocasión de ollar.

Na freguesia onde radica o castro apare-

NÓS

ceu tamén unha pedra miliaria do emperador Carino de que logo nos ocuparemos.

FOLKLORE.—«Unha veciña de Castromao, tiña un porco que todal-as mañáns en canto lle abrían a corte marchaba pra o castro e non volta deixa a noite. Desconfiou a veciña se os mouros lle daban mantenza, pois o animal non comía nin migra na casa e á pesares de elo estaba gordo que daba xenio velo. Mais cando chegou o tempo e a dona quixo facer a matanza o porco despareceu da corte e nunca mais soupo de il couxa ningunha.

* * *

«No Castromao hai atuadas a cadea, a lámpara e a reixa da Raíña Moura.»

BIBLIOGRAFÍA.—Citada por Barros Silvela (Antigüedades de Galicia, pág., 186). Trata ali de indentificar iste castro co *Castro Manuario* citado polo Ravenate. Fai tamén referencia a alusións acadadas no Libro Gótico, de Celanova e na «Celanova Ilustrada».

Debe ser o *Castro Mago* de que fala Ceán Bermúdez (Sumario de antigüedades... páginas 218 e 220 e no que dí que eisisten «ruinas de población romana».

(Catalogado por Xulio Rodríguez e Florentino L. Cuevillas.)

Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

RESPONSA A UN QUESTIONARIO (Continuación)

Santos.—A costumbre que houbo sempre eiquí de celebrar o día do santo de calquera, é de que o individuo calquera que sea cando é o dia do seu santo, ten que convidar ás *copas de licor*, aguardente, anís, tostado, etc. a todos cantos o feliciten e na sua casa refestegar o día con comidas especiales según o poder que teñan.

O mesmo pasa cando se estrena un traxe, que *hai que mollalo*, como dicen, e esto para que se paguen unhos vasos de viño a aquiles que o mandan ir mollar.

Bailes.—Primitivamente dicen que n-iste país non se conocía mais baile qu'o solto e que era molto mais moderado qu'ahora. Os homes poñíanse todos a unha fila y-as mulleres outra e todos facían os mismos puntos a mesma vez, parecendo esti o baile moi ben e en menos superficie bailaban más parexadas que bailan agora; porque agora baila cada un a sua ruta. Como antes indicamos

baitan os asturianos actualmente, pero aho-
ra n-iste pais bailase pouco o solto, porque
casi todo é agarrados e cada vez mais escan-
daloso, y-esto dicen que procede da emigra-
ción, porque os que veñen das Américas
sempre traen cousas novas e particularmente
por ese estilo.

Ruadas.—Algún día pr'as ruadas había
moito humor, pois xuntábanse os vellos e
vellas, mozos e mozas, rapaces e rapazas de
cada pueblo e iban todos xuntos tocando
panderetas, ferrillos, cónchegas, etc. y-así
que chegaban ó campo, beilaban todos, cada
un como sabía; e como dicen os vellos: beil-
ar e beber. Pero ahora non pasa así; cada
un toma su madre gallega, como dicen; mar-
chan cada un cando lle ven ben, pero antes
hasta cenaban de campo cando eran noites
de luar.

Fiadeiros.—Os fiadeiros, por orden regu-
lar facianse nas cortes do gando ben estru-
madas; as mozas fiaban e ganchillaban e
tamén remendaban a roupa vella, pero ta-
mén levaban a pandereta pra tocar, cantar e
beilar; y-os mozos iban pra beilar e parra-
fear; e cando salian roubaban fachós de
palla nos palleiros, cando eran noites escu-
ras e viñan facendo trastadas polos cami-
ños; e algunas veces hasta apagaban a luz
no fiadeiro pra apalpar o que lle estaba pro-
hibido.

Xogos de nenos e maiores.—Os nenos en
canto son de dous ou tres anos, con calque-
ra cousa enredan, pero dispois os nenos gus-
talle moito enredar cos carros, martillos,
clavando puntas, facendo casavellas de pe-
dra e de tellas, e facendo charcos nos regos
da auga, e xogar ós palotes y ós escondites;
e desde que teñen de oito a doce anos, xa
xogan o «en que casa hai lume», «a mari-
quita», «os mudos», «os cegos», «o pica la
berza», etc. As nenas desde que teñen catro
anos a sua diversión é co-as muñecas, co-
sendo trapos e lavar rollas; pero desle seis
a dez ou doce anos, todo se volve aprender
cántigas e aprender a tocar a pandereta e
beilar. Os mozos y os homes xogan a *bris-
car*, o *xuego dos soldados*, a *porca*, o *mal
casados* e outros varios.

Festas do Ano.—Empeza o ano co dia de
San Manolo ou Manuel a antes, unha reu-

nión de casados andaban desde as doce da
noite cantándolle versos ós Manueles, de
casa en casa, onde os había, felicitándolle o
dia do Santo; y-os Manueles abren a porta e
danlle as copas de augardente, viño, licor,
tostado, etc. e botaban esi a noite toda hasta
que viña o día. Pero agora non andan os ca-
sados e andan os solteiros con armonios,
flautas, ferrillos, panderetas, cónchegas
etcétera. Esto en realidá é unha molestía pra
todos.

Santos Reis.—É costumbre antigua o for-
mar pandillas de casados, solteiros e nenos,
e todos cos instrumentos como antes indica-
mos, cantando os villancicos de casa en casa
e en todas as casas dan de beber, nozes, cas-
tañas, dulces, etc. e en caña casa tócase
unha muñeira y-on pasodoble e co-a misma
vaise a outra casa; esto bota toda a tarde do
dia seis e toda a noite. Esto os grandes, que
os pequenos polo dia co interés das cadelas
e do que lle dean.

Entroido.—Ten tres festas, que son: *farc-
leiro*, *corredoiro* e *entroido*. Pol-o farcleiro
que é quince días antes do entroido, andaban
os mozos con medias, calcetís e saquetes
todos cheos de borralla, e pegando nas es-
paldas con iles pra manchar a roupa, todo
de broma. Por is e dia acostúmbrase a comer
os chourizos mais gordos, de cebola, con pa-
tacas. Ahora vaise perdendo esa costumbre.

No Corredoiro, que é oito días antes do
entroido, acostúmbrase a comer toucinho con
patatas ou vica de fariña milla esto o que
pode e á tarde xúntanse os mozos i-as mo-
zas e tamén os casados e cada un leva as
olas de barro ou cacharros rotos pr'o campo
e póñense todos en curro e empezan a xogar
aquiles cacharros, tirandoos unhos ántros,
o na mao donde rompa, dispois os outros to-
dos, aturubanlle e silbanlle ós oídos hasta
que queda abonxado, i-esta é a festa do co-
rredoiro.

O entroido é dia en que se come a mitá da
cachucha do marrao, un lacón e chourizos
de carne e de cebola—o que o ten—Isel dia a
xente come carne hasta que queda sobra,
pero dispois hasta a Pascua nona proban por
respetar a cuaresma. Ahora solo se respetan
os viernes de cuaresma e jueves e viernes de
Semana Santa i-as vixilias reservadas de

todo o ano. I-as tardes do domingo e do martes de entroido, disfrazanxe moitos e dan a lata a calquera que non os conoza.

Semana Santa.—Primitivamente non se traballaba nada en toda a semana; toda a xente se destinaba a ir á Iglesia e pasearse; pero agora non se respetan tanto ises días santos; os artistas non respetan ningún anque pode haber algúna excepción; pero a xente relixiosa respeta moito o jueves e viernes, visitando as iglesias e rezando o via-crucis.

San Xuan e San Pedro.—N-estas duas festas a moedá fai moitas trastadas co-as cancelas, portas e todo o que poden coller, levánndoas pr'os camiños ou campos, ocupando esí o paso e causando grandes trastornos e moitas veces compromisos graves, pero esto é tradición mui antiquísima.

Difuntos.—Esa é unha festividá de tristeza; por ise día toda xente que ten familias enterradas, van adornar as suas sepulturas con flores e luces, e por ise dia mándanlle cantar ó cura moitos responsos cada un por as suas familias finadas; hai ano que sal a procesión ás catro e media da tarde e dan as doce da noite e ainda o cura está cantando, ganando esí moi bó dia. Nas comidas por ise dia non diferencian, pero si polo dia de Todos os Santos, que todos botan algo do marrão o pote; das cortadurias solo se vai cando hai enfermedades ou días mui distinguidos.

Festas da parroquia.—Hai a festa do San Antonio da Santa Marta do San Ciprián, do San Roque e outras que non son tradicionais; en todas estas festas se fan diferencias nas comidas, pero especialmente pola da Santa Marta que é a patrona d'esta parroquia, porque casi todos matan unha pirica, e botan a outra mitá da cachucha do marrão i-en fin esa é a festa en que mais gasta a xente d'iste pueblo.

Nadal.—Esa é unha festa interior solamente—ou festa de pote—donde hai tamén bastantes diferencias, particularmente nos postres.

Relixión.—N-iste pueblo non se conoce outra cousa mais qu'a católica, apostólica e romana; o que se pode dicir é que antes cumplian millor cos preceptos da Iglesia que

ahora; basta pr'a probar esto que antes os domingos ás tardes, un home que tuvese que falar con outro, ibao buscar á iglesia i-ahora ten que o buscar nas tabernas; pódese decir que o cincoenta por cen non van á misa xi-queria.

Os Santos.—N-esta parroquia hai o San Antonio que é abogado pra moitas cousas, particularmente pra encontrar as cousas perdidas. A Santa Marta que de todas as Virxenes mereceu ela o segundo manto da castidá; é abogada en toda necesidá, porque en toda necesidá amparaba os probes e particularmente atendía con todo o celo os cuidados de nuestro señor Xesucristo. San Roque é abogado pra pestes, llagas e males estraflos, porque il sufria todos ises males con paciencia e resignación polos méritos de Xesucristo i-é tamén abogado dos perigrinos. San Ciprián é abogado pr'as tercianas. San Benito pr'as berrugas e luvillos e bultos estraflos.

Leeudas piadosas.—E de piedá o leer libros relixiosos, como o *Camino Recto, Catolicismo, a Cartilla de boa crianza*, etc.

Romaxes.—Eiquí cando se vai de romería a calquera sitio, é costumbre levar a bota do viño i-algunhas veces levar a carabela da casa pra non gastar tanto no camiño. E cando van moitos xuntos, levan panderetas e flautas e outros instrumentos pra ir cantando e tocando. Son moi conocidas as romerías que van os Milagros, Vilar de Flores, San Vitorio e outras varias; pero esto agora cesa de todo pola rapidez con que se cumplen as promesas, particularmente onde se vai en automóvil.

Ofertas.—Moitos ofrecen misas, velas, lacos, gilevos, pitos, marraos de cría, cachuchas, vestidos, aceite i-algunhas veces dinheiro; e outros ofrécense a ir descalzos, ayunando con pan e auga solamenie i-autros varios sacrificios.

As ánimas do Purgatorio.—Dicen que as ánimas teñen que purificarse de moitos pecados, no mesmo sitio donde os cometieron, e que padecen de varias formas, unhas veces con moito frío, outras veces cou moita chuvia, con tropezos etc. pero os pecados de deseos, pensamentos consintidos, e moitos varios, que os teñen que purificar nas llamas

do purgatorio. Tamén aseguran que se teñen aparecido en procesións desde as doce da noite á unha da mañá i-estas procesións que son particularmente nos cementerios. (O que suscribe conoceu a un señor que tiña visto as ánimas en procesión. No meu conceito ise señor merecía boa reputación, e eu conocino tres anos e medio que estuvieron na sua casa; por outro lado, pareciame imposible o crélo anque o asegurou varias veces).

Apariciós. Moitos aseguran que os difuntos se aparecen, pero non se aparecen todos, nin a todos tampouco; pero que si se teñen aparecido a algunhos requeríndolle actos relixiosos, como son misas, novenas e promessas ofrecidas por iles mismos, i-autras veces mandalas ter sen telas ofrecidas, pero pra así poder entrar no ceo.

Poder do demo.—A xente a maior parte d'ela non duda de que o demo ten un poder anxelical, porque como anxel que foi, non lle foi quitado ese poder. Poder que se aparta d'un co señai da cruz, e traendo crucifixos e medallas da Virxe, pero estes crucifixos e medallas han de estar benditos.

Pauto co demo.—A misma Iglesia non rechaza a creencia de que se poden facer pautos con él; pero as obligaciós que o demo quere que lle fagan, han de ser sempre co-a alma de un mesmo ou co de algunha criatura que un mande n'ela.

Endemoniados e modo d'os curar.—Todos os que teñen pautos co demo están endemoniados e poden curarse por medio dos sacramentos da confesión, penitencia e comunión e acompañados de reliquias sagradas e medallas da Virxe María, irlle ofrecer o prometido, e como o demo escapa donde están as almas limpas e donde estean estas reliquias e medallas, o pauto queda desfeito.

Pero podemos entender por endemoniados a aquiles que teñen os diabrillos metidos en si e dados por un que teña algún pauto coi. Entonces hai que agarralos e levalos á Igrexa, porque iles non queren ir e un sacerdote que teña potestá pra eso, lérille os evangelios e desconxurarllos pra que salgan. Ise é o modo de curalos. Tamén pol-o dia de Corpus Criste, na misma Catedral de Ourense se teñen curado algunhos, estando na misa desde Santos hasta consumir, e cando

lle salen ises diabrillos; pero teñen que estar agarrados de outros, porque fan moita forza por non querer estar ali.

Supersticiós, Meigas, bruxas, sabias, feiticeiras.—N'iste pueblo chámalle meigas ás mulleres que botan moitas maldiciós e que casi todas lle salen acertadas.

Bruxas. A xente non lle pode poñer nome a nadie, pero sempre sospeita en alguém, pero de todas as formas, é tan seguro que as hai, porque se teñen visto cousas que non queda outro remedio que creelo e librarse d'elas, e pra eso, a xente usa moito do alto, porque dicen que é bó pra que non entren as bruxas; tamén usan rescritos e reliquias sagradas, que con estas duas cousas téñense visto milagros propiamente ditos; tamén usan medallas, rosarios e cornos de ganado vacuno.

Mal de ollo.—Téñense conocido varias personas de mala vista, e entre elas un señor que era tanta a forza da vista que tiña, que andar con lentes pra acortar a vista e usando cristalesdobles, non podía mirar de frente pra ningún ser viviente, porque do contrario mataba aquil ser pra que miraba. Algunha cabeza de ganado, como foi unha becerra d'un veciño d'iste pueblo que era mui bonita e como lle gustaba tanto, mirou moi to pra ela e cafu morta, pero il como era rico abonoulle a becerra ó dono d'ela, solo que il tiña moi cuidado de non mirar de frente pra nadie.

Fadas.—Tense ouvido moiito de fadas; entre tantas, citaremos unha que foi un fillo d'un matrimonio, que iste xa estaba casado e parecia que o pai d'il que comia moiito i-entonces comproulle unha barcaleta pra lle botar eli o caldo i-los outros manxares como si fora un marrao; o vello aguantou todo porque non tiña outro remedio, menos que fose pedir unha limosna; pero o mismo pasoule ó fillo dispois e o mesmo ó neto; pero veu o visneto que iba co-a misma marcha e pensando un dia en que era heredación, rompeu a barcaleta e queimouna e entonces acabouse a fada.

Trasgo.—Tense oido dicir que antes sentian varias veces o trasgo na casa, e que lle parecía que andaba tirando os muebles pra fora; outras veces que lles tiraba co-as pare-

des da casa, e así sucesivamente, pero son contos mui vellos.

Tronantes e escoleres.—N-esta parroquia houbo un cura que cando tronaba moi forte, desconxuraba os tronos e facía beixar os escoleres dos astros, e dician que tiñan a forma de esqueletos pero mui negros e que se desfacían en fume negro que se subía outra vez os astros.

Cencia popular: Predizón do tempo.—Hai varias señales e maneiras de predecir o tempo. Os que padecen de remantismo antes de chover xa iles o dicen i-é porque lle atacan mais fortes os dolores e cando vai parar de chover ou de estar húmedo o tempo, cálmanlle.

Outra maneira de predecilo é polas aves que cando vai chover non volan tan altas como cando está o tempo seco. Tamén dicen que cando as pitas se catan moito que é señal de que vai chover.

A aparición dos corvos n-esta ribeira é prueba de que nos altos hai neve, e pol-o tanto o tempo está frío.

Según a dirección dos ventos, sábese que temporal se espera; así, si o tempo está de chuvia e empeza a tirar o aire norte, dicen que a chuvia vai parar, e reciprocamente, si o tempo está bo e empeza a tirar o aire sur, dícese que vai chover.

E tamén se sabe por o sonido das campañas, cando se sinte a grandes distancias, tempo revolto, e cando non se sinten, tempo firme.

Meicíña popular.—Primitivamente usábanse mais os remedios caseños que ahora. Algún dia cando lle daba un costado a calquera, o primeiro que facían era darlle unha sangría ó enfermo, e logo dous ou tres días de dieta, co demás algúns non querían guardar xa tantos días a dieta nin a cama, e segúns dicen, era remedio eficaz.

Pros dolores de cabeza tomaban augas cocidas con manzanilla, té, tila, maría luisa, etcétera cargadas de mel ou azúcar e non había outros remedios.

Pros dolores de barriga, auga de malabisco, e fregas con aceite rustrido con ruda, acecuta e follas de asentes.

Pros catarros, auga cocida con follas d'eucalipto ben azucarada, leite fervido ben dulcificado e vifio ben quente con grasa.

Pra madureiros, cataplasmas de malvas cocidas con aceite, as berzas do caldo con aceite, follas de tira, de viña e primavera.

Pra cortaduras, o bálsamo, as orinas d'un mesmo, o sal molido e outras varias.

Pra reuma, fregas con grasa de culebra—remedio eficaz.

Pra mulleres de parto, caldos de pita e de vaca e un pouco de cerdo, pero con especiadá, a grasa de culebra.

Arte popular.—Non hai cruceiros nin petos de ánimas. Hai unha imaxen da Santa Marta grabada en pedra no mesmo muro dos diestros do cura, ond'o mesmo cementerio.

RAFAEL SILVA

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

FIGURAS DO «ANCIENNE REGIME».

Pol-o menos no vivir, na escolleita da soiedá, dos libros, dos interiores e naquel regusto polos recunchos das frondas do grande e doménos grande e mais feble século. Loís XIV e Loís XV. Todo o XIX francés e o XX tamén gardan anacos fondos de sombra do antigo Réxime. É unha dooir qu-entre nós se teña esborrallado tan cedo. Pois hou-

bo unha arte de vivir nos pazos que se perdeu e non pol-a revolución sinón polos cambios da base económica e de vanidás sociás. ¿Porqué Sant-Iago non gardou seu ritmo antigo? Quizás pol-a falla de comunicacíós c-a Europa. O modo millor d-apreciare a riqueza da soiedá e de manter a vibración dun pasado prestixioso non pode ser outro que o contraste con cambios. Coidamos que o mór coñecimento de Galiza pode servir pra medrar na nosa vida as esencias galegas. Eiquí

—en xeneral na Península— curouse desmaiado á rente a raiz do buxo do xardín fidalgo. E non houbo esquirtores do tipo que agora desexamos lembrar pois están na moda por novas ediciones e finos estudos de letrados. O conde Alfredo de Vigny non chegou á sona malencónea e embriagadora do Vizconde Chateaubriand. Pisou con gusto as antecámaras reás apenas desdouradas pola corrente de Bonaparte e fixo bó papel nunha tropa predisposta á impopularidá: os gardas de Corpus de Lois XVIII. Non era doado ser Lois nin Saint-Simon despois da batalla das Pirámides e do sólpor latexante d'aguias feridas, de Waterloo. Vigny dobrou a sua melancolia ca altiveza de quen escolle un papel de segundo térmo. Por mais que sempre quedaba a orela esquerda e os *messieurs* de Lourdes dos castelos treiteados de pizarra. Vigny sentiu a poesía do bosque con moito de par da Francia carolinxa e de segundon cazador. N-o tempo dos herois das barricadas preferiu a ética e a estética do soldado profesional que tivo moito do calado renunciamento d'unha orde relixiosa. E sobretodo ise Chatterton mais universal, mais preto de todos que o Werther. Agora pubrícase o dia-reo filosófico de Maina de Birem. Outro empocirado, de peluca e fina cortesía, corpo doente, i-alma ardientemente mordiscada pol-o pensamento. Culminou n'il a psicoloxía francesa, a que vai de Descartes e chega a Paul Valéry; e deixou uns blancos pras paixóns que Rousseau houbera enchedo sin medo, mais Rousseau era un burgués e Maina un cabaleiro de outo estilo. No renacemento da filosofía xermánica —Schelling, Hegel— está ben ista fina matemática do espírito que non dispón de vagar pra establecer leises e regosta os casos de cada minuto do tempo interior c-un aire de quen non quer que seña sabido polos más.

O LIBRO DO REV. STONE.

MERECE o Rev. Stone a simpatía e o agrado de Galiza, e tamén un estudo un pouco preciso do seu libro «*The cult of Santiago. Traditions, mythus and Pilgrimages*» que agora non podemos teimar pola densidade tipográfica do forte volume imprimado c'a sinxela elegancia ingresa. Todo o que se fai pol-o mundo encol de Sant-Iago non pode cair pra nos no esquecemento. O libro do Reverendo Stone, rector de eirexas norteamericanas que levan tidoos apostólicos aparece adicado «a miña amada e amante filla Violeta». Escrito nun xeneroso estilo que lembra o de Titamanurice-Kelly, evoca a figura do Apóstol con verdadeira emoción, sen trausto mortal e ten pras lendas unha

aberta simpatía de curazón que o fai doado interprete do Meioeyo. Esperto en relacionar a hestórea de Sant-Iago apóstol e Sant-Iago ciñado c'a hestórea xeneral da cristiandade, gosta de presentar especialmente as derivacións da hestórea xacóbea na lenda e na literatura impresa. Todo o libro figura cheo de un raiolar de espírito, d'unha elegancia animadora das citas eruditias, dos paralelos certeiros, das lucubraciós teolóxicas. E triste decilo mais nin en castelán nin en galego hai un libro semellante pr'o gran público finamente letrado que non ten vagar pra ler a monumental obra de López Ferreiro, as monografías malas d'atopar, e os libros caros coma xoias com'os de Mr. Porter. Ista impresión d'unha ollada botada aixiña será compretada si Dios quer, mais adiante. Entr'os capítulos hai dous que tratan de importantes diarios de pelegrinos ingreses do século XVI que coidamos non sabidos entre nos. E ó final un saúdo fidalgo e agarimoso pra Galiza. Consola sentir de que xeito non morre o espírito de Hugo Albert Reunert e como Sant-Iago segue ocupando, despoixa d'un paréntese esquendido de incomprensión, o logar que lle corresponde por dereitos inmorredoiros do Espírito.

OUTRA VOLTA RAMUZ

SEMPRE nos foi amado o novelista do Vais desde o primeiro dos seus libros que chegou ás nosas maus, «*La grande peur sur la montagne*» nos deixou un gosto do maravilloso de todolos días no vivir sinxelo da montaña alpina. Non son os Alpes dos turistas, nin dos románticos, nin «Obermann», nin Henry Bordeaux. Na derradeira novela «*La Beauté sur la terre*» hai unha callada angústia por baixo da arte que tén o autor recordando na realidade do paisaxe e da xente infindos pranos vibradoiros, sutis como cortinas de chuva ondeante. Sería curioso e cheo de ensinanzas un estudo comparado do método de Proust c'os de Ramuz. Cada un d'eles sabe estilar unha xeometría (non euclidiana) dos variados medios en que traballan adispicio descubrindo o valor do tempo mais pequeno e a significanza das horas. Gran paisano, Ramuz, ven a ser pol-o seu método o contrario de Raymont, coma son contrarios o inverno das cumes e dos valles, e o inverno dos chaoses espallados, o torrente e a lama da primeira mollada.

LA VOZ DEL PAISAJE, por
TEÓFILO ORTEGA, Burgos,
Ed. Parábola, 1928.

QUE caste de libro é isto? teríamos que perguntar se nos tivéramos qu'ater ás cla-

sificaciós dos críticos. Pois é un libro que, respondendo perfeitamente ó seu título, está tecido con estados d'álma — expresión un pouco anticuada, que llímos faguer! — d'un escritor novo, de quen o prologador — José María Salaverría — diz con algún acerto: «alma llena de antigüedad y de religiosidad», e que vai seguindo, libro adiante, con detida e comovida admiración, as pisadas da sôma tristeira e grave de Jorge Manrique. Tamén compre dicir que por calquera lado qu'un abra iste libro, na curiosidade un pouco distraída e vagaríñante do que colle un libro novo na man, aixiña atopa n'il un engado tan fondo e tan forte, unha meiguice de pensamento, d'estilo, de *castelanidade*, de perfeición misturada con tremenda inquedanza, que de contado prende n-un, e obriga ao soballadoramente á leitura e á meditación — mais meditación ainda que leitura — e deixa por fin á un, á un tempo satisfeito e sedento. É un libro rico d'ideias e de sentimientos delicada e miudamente e lúcidamente analizados e referidos n-un estílo que, sendo demorado, non cansa, porque ten un senso perfeito do suficiente. Un libro ond'atopamos o millor e o eterno da y-alma castelán, un pouco coma nos escritos d'Otero Pedrayo atopamos o millor e o eterno da y-alma galega.

O autor de *La Voz del Paisaje* ten unha fonda coñecencia dos seus clásicos — e dos seus modernos, e mais d'outros moitos clásicos e outros moitos modernos — e coñéceos com'erudito e mais ainda coma filósofo — semella un pouco moderno e pedante dicir: *pensador* — e sabe dar novos frutos do seu zelme sabroso. E pr'os que sabemos que n-esta fieldade inmorrente está a grandeza de Castela, fica dito que tivemos que leer o fermoso libro de Teófilo Ortega con moito contentamento, mais tamén con envexa, non coma «pesar do ben alleo», senón coma saudade do noso ben.

EL REINO DE AREGIA, por
JOAQUÍN ARIAS SANJURJO,
Santiago, 1928.

N-ISTE librínho, o ilustre arqueólogo e erudito, tan versado nos escritos e documentos da Antigüidade e Edade Meia, trata de pôr en craro o misterio histórico dos *Auregenses*, mencionados por Idacio no seu Cronicón, e penetrar nas tréboas do tempo mais escuro da nosa historia, cal é o dos comenzaos do que se chama Edade Meia. O Sr. Arias Sanjurjo, aducindo pra elo numerosas referencias de fontes documentáis, relaciona as xentes e montes Auregenses co-a *Aregia*, mencionada por S. Isidoro ó falar de Leovixildo, e reduz o país à *Rivoira Sa-*

crata, e Aregia ó Castro Ares ou Castro Arias. Supón qu'aquil territorio formou ceais n-aquiles séculos — cecais ata o X — un reinado independente, que sostivo relaciós co-a Irlanda, e conservou a tradizón apostólica o culto do Santo Graal. Diz qu'isto compre buscalo en moitas referencias espalladas en fontes de diversos tempos, porque a fonte do século V, Idacio, non ten mais que o que intréa ós romanos. O Sr. Arias Sanjurjo asegura que Idacio representa a resistenza dos colonos romanos de Galiza, acollidos en Chaves cando foi da invasión, contra os Suevos e dos Celtas d'Aregia, e qu'o seu Cronicón non é unha historia de Galiza, senón a continuación d'unha historia do Imperio Romano. A tése do erudito monfortino, verdadeiramente estrevida e orixinal, sedutora en moitos aspectos, verdadeira moi probablemente no que a Idacio e á resistenza romana se refire, é de todos xeitos dina, non somentes de ser tida en conta, senón, d'encaixar novos inquéritos pra comprobar a chea de concrusións que d'ela se poden tirar.

AS MARIÑAS DE SADA, por MANUEL LUGRÍS FREIRE, A Cruña (sen datas).

En homenaxe á sociedade «Sada y sus tornos», axuntou o ilustre poeta n-esta plaquette co poema *A sala e a terra*, leido no xantar co qu'aquela sociedade festexou os primeiros examenes das suas escolas o 8 de Xullo de 1928, outros poemas referentes a aquela sua amada terra. O estro viril e delicado do autor de *Noitebras* aparez eiqui coma sempre cheo d'amor á Terra e á Liberdade. E ben diz il que:

«O amor é a forza xigante
Que a humanidá descubreu.»

Sempre hai que ter un aprauso gardado pr'a fé e o antusiasmo do poeta Lugrís, sempre mozo d'optimismo e fieldade ó Ideal.

ALUCINACIONES? obra de vulgarización centífica escrita por RICARDO NÚÑEZ, Médico, e adaptada á escea por AMARO ALVAREZ, Lugo.

É unha obra que ten moito mais de vulgarización hixiénica que de arte. A deusa Higea é n-ela glorificada polo antusiasmo d'un médico extraordinariamente creente na sua profesión e en todolos métodos modernos, cousas que nós, crar'está — il é mestre n-iste asunto — non podemos de ningún xeito discutir. Artísticamente, se non pode sacar millor partido do asunto, de seu árido.

Si acaso pra vulgarizado, atopámolo técnico de mais.

ARQUEOLOGIA E HISTÓRIA,
publicación da Asociación dos
Arqueólogos portugueses,
volume V.

VOLUME de 1926, en homaxe ó presidente de honra da Asociación o eminente José Leite de Vasconcellos. Trai discursos en loubanza do sabio homaxeado, do Dr. Félix Alves Pereira e Joaquim Moreira Fontes, logo:

Comunicación de J. M. Cordeiro de Sousa acerca d'unha estela discoide Algumas sìglas e abreviaturas usadas nas inscripciones portuguesas, desde o fim do século XII até o principio do século XIX, por J. M. Cordeiro de Sousa.—*Uma escursao arqueologica á Galiza*, por Joaquim Fontes. Estuda as estacions de Pasaxe, Camposancos, Oya, Santa Tecla, o utilaxe de pedra, insculturas rupestres, e ouxetas do Museu Pro-Monte... Lástima que «são da Galiza muitos dos mais notables políticos españoles».—*Subsidios para o estudio do missal de Estevam Gonçalves Netto*, por J. Cardoso Gonçalves.—*As mais antigas vistas panoramicas de Lisboa*, por A. Vieira da Silva; a primeira d'unha Cosmografía alemá de Seb. Munster, século XVI, en madeira, e outras duas en cobre, da *Civitates orbis terrarum* de Jorge Bravio, impresa de 1572 a 1618 varias veces; e anteriores, douis deseños en pergaminho iluminado, ou da *Chronica delrey Dom Alfonso Henriquez*, de Duarte Galván, e outra da *Arvore genealogica da Casa Real de Portugal*, que son as ouxetas do trabalho.—*História da Egreja de Santo Estevo de Lisboa*, por Monsenhor Couto.—Relatorios sobre a vida da Asociación.

TERCER CURSO DE CONFERENCIAS do Centro Gallego de Montevideo.

RECIBIMOS os folletos coas conferencias feitas por: Dr. Francisco Alberto Schinca, *América a través de la emoción de los descubridores y conquistadores*; Dr. Antonio Goicoechea, *La obra pasada y la actual de España en América*; Don Eleazar Boix, *Castilla en tiempos del Descubrimiento de América entrevista en un viaje por tierras Solares*; Dr. Antonio Sagarna, *Un magnífico procer civil de Hispano-América* (Don Félix de Azara); Don Enrique Rodríguez Fabregat, *El Cantar del Mío Cid*; *Funeral cívico en honor del Dr. Justino Jiménez de Arechaga*; *Homenaje da coleitividade hispana ó mesmo señor*.

N-estas conferencias non hai, coma se vé, nada que se refira á Galiza, nin que faga pra qu'a nosa Terra seña coñecida na cultíssima República Oriental, nin pra exaltar os nosos valores ós ollos da refinada intelectualidade de Montevideo. Son precisamente os oradores uruguaios os que mais semellan lembrarse de Rosalia de Castro. Somentes debemos salientar o *Homenaje a Galicia*, no que os nosos amigos Blanco Amor e Suárez Picallo disertaron co-a mestranza n-iles adoitada, o primeiro sobre: *Guía para un estudio integral del Renacimiento gallego*, e o segundo: *Interpretación emocional del paisaje gallego*.

ALBERTO V. BRAGA, DE GUIMARÉS:
TRADICIONES E USANÇAS POPULARES, Espozende, 1924.

O redor da sombra groriosa do Martins Sarmento, agrúpase na cidade fidalga de Guimarães un fato de sabios investigadores que fan da Sociedade que leva o nome de aquel ilustre arqueólogo un dos centros culturais mais conspicuos de Portugal.

Dificilmente poderá toparse en poboazóns da importancia da que nos ocupa un grado tal de esaltazón por todo canto siñificante cencia e arte; parez como si o pulo creador de Alfonso Henriquez se continuase nos espíritos dos vimaranenses pra maior honra e groria da sempre desperta e firme nacionalidade lusitana. E así ista lexión de escultores—prehistoristas, bibliógrafos, paleógrafos, folkloristas—teñen ó seu cárrego un dos millores museus locales, instalado esplendidamente, depositario de soberbas coleccións epigráficas, etnográficas e arquitectónicas; a conservación de Briteiros e Sabroso, as estazóns foco das explorazóns sarmatinas; a biblioteca municipal... todo revelador de un ambiente saturado de cultura funda e de meditado estudio, norma i-exemplo de pobos con tradición histórica prestixiosa, sin contar ca «Revista de Guimarães» que acocha nas suas páxinas interesantísimos traballos, verdadeira tesouros *pra os calaicos* de alá e de acá do Miño.

A terra de Guimarães, rica de abondo na parte etnográfica como na prehistórica ten nos Sres. Luis de Pina e Alberto Vieira Braga dilixentísimos rebuscadores que en contacto íntimo co pobo saben esexprimir todo o seu saber.

O libro que temos diante é o primeiro de una serie con que o noso ilustre amigo o Señor Vieira Braga nos vai regalar. Comprende tradizóns e costumes referentes á terra, ó traballo, á muller, ó amor, á morte, ó ceu, mención e adaxios e decires.

Si as suas páxinas son de tan outo intrés

pra facer estudos comparativos das usanzas de un pobo calquera imaxinense o que ten de ser pra Galiza onde eisisten paralelas as mesmas creenzas e ainda os mesmos ditos. Lembremos ó achar algunos.

A clasificación dos homes nas catro castes de *homens, homiños, macacos e macaquiños* téñola en Fornelos da Ribeira (Salvaterra de Miño) sin a menor variante, que aparez en troques na invocación ó arco da vella pra que se retire sin traer a choiva:

Arco da vella
vaite de ahí
que as nenas bonitas
non son para tí.

corrente en toda Galiza. E tamén varia a invocación á choiva que eiqui é:

Vaite chuva,
vente sol,
polos campos
de Ferrol.

Do tempo que fará no mes dice eiqui:

Non é como pinta, senón como quinta
e se como quinta octava, como empezou
[acaba],
que se reduz en Guimarães a

Onde quinta dai trinta
se aos nove (en vez de oito noso) non des-
[quinta.]

No capíduo dos animaes hai o mesmo medo ó abesoiro e o mesmo amor á xuaninha; na parte dos refráns, repítense a voz do pobo con manimidade: *Ave de pico non fai ó amo rico. A madrasta o nome lle basta. Non hai Sábado sen sol nin María sin amor. Viño de Marzo non vai o cabazo...* e cásque todolos agrícolas e meteorológicos. Un está recollido que tal e como ven (páx. 429) non se adiviña o que queira decir. A versión mais compreta que nós temos recollido es-

*Febreiriño, rabo torto,
cos teus días vínteoito
que si tiveras más catro
non quedaba can nin gato*

ou millor unha que empeza:

Vaite Febreiriño tolo...

e que seguindo coma a anterior remata:

NÓS

Febreiro contestou moi,
— Xa vírd meu irmán Marzo
que os teus bacorriños oito
xa chos convertírd en catro.

O de *Ruivos ao mar, velhas a asoalhar*, ten o seu correspondente entre nós e ade-

mais conocemos istes paralelos: *Rubias ó nacente, chuvia de repente. Rubias ó Miño, vellas ó niño. Rubias ó sol nado pegoreiro andards mollado; rubias ó sol posto pegoreiro andarás enxoito.*

Pro dixemos os refráns cuia identidade en muitos casos entre terras lonxanas non son debidas senón a seren eles o depósito das ideias nais dos pobos, o recipiente onde se condensa o instinto das xentes, e véxamos as páxinas adicadas ós encantos ou á menina popular: Nos primeiros a identidade das leendas na maoría dos casos é absoluta ali e aquí. Os rapaces que gardan o gando na serra de Penas Libres tiran con ouro cuando se apedrexan como socede no monte do Poxeiros (páx. 266); nas citanias de Briteiros e Sabroso hai fontes encantadas, mouras peiteándose, ouxetos de metaes preciosos como nos nosos lugares arqueolóxicos. A oración pra tirar a disipela é a mesma que en Galiza...

En fin sería interminabel a laboura comparativa porque é comparar cousas idénticas.

Libro é o do Sr. Vieira Braga indispensabel pra todo o que traballe na nosa Terra en custições de etnografía; libro que presta un servizo magnífico tanto á Galiza como ó Portugal donde tantos e tan sabidos traballos se teñen dado á estampa; libro que hai que ter presente en calquera das nosas investigacións e que fai que agardemos ansiosos os seus compañeiros, que o autor promete, adicados ásasuntos que como as adiviñanzas, o lingüaxe, os contos, a arte e a industria de Guimarães no senso popular teñen pra nós tan especial e firme interés.

F. B. B.

Imp. NÓS, Real, 36-1.º A CRUÑA

LEA VOSTEDE
A REVISTA
MENSUAL

NÓS BOLETIN DA
CULTURA
GALEGA

Suscribase a

A NOSA TERRA

Idearium das Irmandades da Fala

Redacción e Adeministración

Real, 36-1.º

A Cruña.

Use o novo cristal PUNTAL, fabricación de Zeis,
e escrusiva da

CASA DE LOS LENTES

Plaza Mayor, 18.

OURENSE.

Droguería e Farmacia
LUIS FÁBREGA

Progreso, esquina a Luis Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE
Plumeiros **RAFIUM**

De mais dura qu'os de pruma e limpan
millor. Vendese en todolos estabre-
cimentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

Lea vostede

Os Camiños da Vida

por R. Otero Pedrayo.

BODEGAS GALLEGAS, PEARES E OURENSE

Vinos finos de mesa: Tinto TRES RIOS, Blanco BRILLANTE

LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macía e Valeiras, Apartado 18 - Ourense

SANATORIO QUIRURGICO DE SAN LORENZO

SANTIAGO DE GALICIA
DE LOS PROFESORES

D. Fernando Alsina y D. Antonio M. de la Riva
CIRUJANO GINECÓLOGO

Establecimiento dotado de todolos elementos que exixen
a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas
da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura

Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Directores ou o Médico interno

P A R D O

ÓPTICO CENTÍFICO

Preguntoiro, 32
SANTIAGO

San Andrés, 50
A CRUÑA

CASA ESCRUSIVAMENTE ADICADA A ÓPTICA CENTÍFICA

FOTOGRAVADO

Si quer qu-os seus fotografiados sexan o mais perfeito posibles, conveniente envialos aos
Talleres de fotografiado **ESPASA-CALPE S. A.**
Rios Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

Xa está a venda

O PORCO DE PÉ
(NOVELA)

por **Vicente Risco.**

OS PEDIDOS A NOSA ADMINISTRACIÓN

F. ROMAN e SACO

DROGUERIA

e FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE



A hixiene nos nenos
é a garantía da sua saúde física e
moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o
"Jabón Sales de la Toja",
único que ás suas altas calidades
meiciñas xunta toda a finura e pre-
fume d'un xabón de tocador.

Contribuie ó perfeito des-
enrolo das criaturas e evi-
ta o perigo da escrófula e
o raquitismo.



**JABÓN
LA TOJA**
ÚNICO EN EL MUNDO



O Xabón da Toxa
ademas de ser o mellor é un
producto galego que nos
honra no mundo enteiro

P. Castillo



AGUAS DE
MONDARIZ
FUENTES DE GÁNDARA Y TRONCOSO
Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador

Véndese en todal-as
Boticas, Drogueirías
Hotels,
Depósitos d'augas
minerás,
Restaurants e
vagós-camas de
todol-os trés

Estas augas, de sona universal son o reme-
dio enxebre e eficacísemo

cand'un quer combater o
Artritismo, a Diabetes, Desnutrizón, Obesi-
dades diversas, doenças do Aparello dixes-
tivo, Anemia e Neurastenia

**Riquisma auga de mesa
gaseada naturalmente**

MONDARIZ-BALNEARIO Áchase á 35 Km. de VIGO